

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 14/03/2023 acordou:

2. APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE COMPENSACIÓN DA U.E I PLAN PARCIAL QUIRÓS EN EXECUCIÓN DE SENTENZA. EXPTE. 5294/401.

Antecedentes:

O 09/03/2023 a técnica de administración xeral co conforme da xefa da Área de Desenvolvemento Urbanístico e do xerente de Urbanismo, emiten o seguinte informe:

“I.- Do ata aquí tramitado, en aras da brevidade administrativa, danse por sentados os antecedentes que obran no presente expediente, así como no seu relacionado, perfectamente condensados na Resolución ditada con data do 10.10.2022, pola Vicepresidenta da Xerencia municipal de urbanismo do Concello de Vigo, ao abeiro do previsto no artigo 5 dos Estatutos da XMU, en relación coa Resolución de delegación do Alcalde-Presidente do 11.07.2021, pola que dispuxo:

«(..) *Primeiro.- Proceder á apertura do preceptivo trámite de información pública do “Proxecto de Modificación Puntual do Proxecto de compensación do Plan parcial de Quiros” parcela 30, - trala a súa aprobación inicial acadada na Asemblea da súa Xunta de Compensación celebrada o 30.11.2022, con toda a documentación integrante do mesmo, polo prazo de un (1) mes, mediante anuncio que se publicará no “Boletín Oficial” da Provincia, na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, e nun dos xornais de maior difusión da provincia-computándose o remate do dito período dende a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia-, aos efectos de que durante o amentado prazo, poida examinarse o expediente nunha ligazón web creada aos ditos efectos, e no departamento de información do Concello de Vigo, en horario de oficina, previa cita telefónica, ou ben a través da sede electrónica, e formularse as alegacións e suxestións pertinentes.*

Segundo.- Notificar dun xeito individualizado a todos os interesados no presente procedemento, segundo a relación incorporada ao proxecto.

Terceiro.- Facer constar que o presente procedemento, efectúase co fin de levar a puro e debido efecto a sentenza firme do TSXG, da que trae causa, e sen que, en ningún caso se derive ningún dereito de contido indemnizatorio atribuíble a esta administración.

Cuarto.- Proceder a dar publicidade á parte dispositiva da sentenza firme do TSXG, de conformidade co disposto nos artigos 72, 104 e seguintes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, co fin de levar a puro e debido efecto a mesma.(..)”.

Do dito Resolto, tomou coñecemento o Consello da Xerencia municipal de urbanismo, na sesión que tivo lugar con data do 11.10.2022, en cumprimento das labores de control que estatutariamente ten conferidas (Art. 10.3 dos seus Estatutos).

II.- En cumprimento do disposto, someteuse o expediente, ao correspondente trámite de información pública, aberto polo prazo dun (1) mes, consonte á normativa de pertinente aplicación, mediante a publicación de senllos anuncios nun dos xornais de maior circulación da provincia (Faro de Vigo) do 21.10.2022, no Boletín oficial da provincia de Pontevedra núm. 204,do 25.10.2022, así como na Web municipal.

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Obra no expediente Dilixencia asinada o 30.12.2022 pola xefa da oficina do Rexistro da XMU, na que fai constar que, o “Proxecto de Modificación Puntual do Proxecto de compensación do Plan Parcial de Quirós – parcela 30” someteuse ao trámite de información pública, segundo Resolución da Vicepresidenta da Xerencia municipal de Urbanismo, de data 6 de outubro de 2022, mediante a publicación de anuncios no Faro de Vigo (do 21 de outubro de 2022), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 204, do 25 de outubro de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, así como no suplemento de notificacións do Boletín Oficial do Estado (número 285, do 28 de novembro de 2022). Durante o dito prazo non se presentou escrito de alegación algún.

Consta asemade, certificación expedida con data do 13.01.2023 polo Secretario da XMU co visto e prace da Vicepresidenta da XMU, no que fai constar que, durante o período de información pública do expediente núm. 5294/401, do “Proxecto de Modificación Puntual do Proxecto de compensación do Plan Parcial de Quirós – parcela 30”, aberto polo prazo dun (1) mes, mediante a publicación de anuncios no Faro de Vigo (do 21 de outubro de 2022), no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (número 204, do 25 de outubro de 2022), na páxina web do Concello de Vigo e na sede electrónica municipal, así como no suplemento de notificacións do Boletín Oficial do Estado (número 285, do 28 de novembro de 2022), segundo consta na dilixencia asinada dixitalmente, en data do 30 de decembro de 2022, pola Xefa da Oficina de Rexistro da XMU, non se presentou escrito de alegación algún.

Do mesmo xeito, procedeuse debidamente á notificación individualizada a todos os interesados no presente procedemento, tal e como consta acreditado no expediente electrónico de razón, segundo a relación de afectados que consta no proxecto achegado pola Xunta de compensación, aprobado inicialmente pola súa Asemblea xeral de data 30.11.2021, e de cuxa veracidade e realidade responden.

III.- Obra no expediente informe técnico, emitido pola arquitecta xefa do servizo de planeamento e xestión con data do 13.07.2022 no que conclúe que, “(...) a xuízo da técnica que subscribe e tendo en conta que se trata dunha modificación puntual referida a unha parcela e que dita modificación ven derivada da sentenza que se cita no informe, a documentación presentada, desde un punto de vista técnico é suficiente para proceder a súa aprobación (...)”.

No que atinxe as cuestións de carácter xurídico que reviste o presente expediente, e toda vez, que non teñen sido presentadas alegacións no correspondente período de información pública, ao xuízo xurídico desta Técnica de Admón. Xeral do servizo de planeamento e xestión, o presente expediente esta completo, e proceder elevar ao órgano competente, a presente proposta de aprobación definitiva da “Modificación do proxecto de compensación PP Quirós, parcela 30”, e toda vez que deriva dunha execución de sentenza firme (Sentenza do TSXG 0049/2021).

II.- FUNDAMENTOS LEGAIS OU VALORACIÓN XURÍDICA

I. Normativa examinada

Rd lex. 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación urbana (TRLSRU),

Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG),

Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia (RLSG), e a súas modificacións,

Real Decreto 1093/1997, do 4 de xullo, que aproba as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria, sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,

Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa,

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



PXOU93, Expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo de 1988 á LASGA (Lei 11/85, de 22 de agosto de adaptación do solo a Galicia. A aprobación definitiva de dito PXOU 1993 foi publicada no DOG núm 87 o día 10/05/1993 e a súa normativa foi publicada no B.O.P 133, o 14 de xullo de 1993,

LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local),

LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas),

Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: versión consolidada A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000),

O resto de disposicións que poidan afectar,

II.- Obxecto e alcance da Modificación puntual na parcela núm. 30 do Proxecto de compensación do Plan Parcial

A modificación do presente proxecto de compensación, ten por finalidade a parcelación e execución da urbanización da unidade de execución do Plan parcial de Quirós en Vigo, aprobada definitivamente por acordo do pleno do 26 de novembro de 2021;

Entre as parcelas resultantes do dito proxecto se encontraba a parcela núm. 30, inscrita no rexistro da propiedade núm. 1 dos de Vigo, ao Tomo 1281, Folio 88, Finca 76858, Inscripción 1ª.

A sentenza 00049/2021 do TSXG, que adquiriu firmeza con data do 15 de abril de 2021, declara nos seus xustos termos, a procedencia da modificación do proxecto de compensación, no senso que se proceda a tramitar a modificación da descrición e adxudicación da parcela núm. 30, contemplada no proxecto de compensación aprobado definitivamente polo Consello desta XMU O 06.03.2003 (Exp. 4394/401), cedida ao Concello de Vigo para equipamento público, creando unha nova parcela no subsolo-aproveitamento baixo rasante- na mesma, e adxudicando a súa titularidade á Xunta de compensación, para uso de aparcadoiro de Vehículos;

Deste xeito, a parcela orixinaria núm. 30 do proxecto de compensación se subdivide en dúas parcelas: Parcela 30-A e Parcela 30-B, coas características, descricións e fichas urbanísticas que se reflicten no proxecto, e que reproducimos a continuación:

“PARCELA N°30-A

ADJUDICATARIO: Se adjudica esta Parcela N°30-A, destinada a uso de equipamiento deportivo, de cesión obligatoria, en pleno dominio del AYUNTAMIENTO DE VIGO.

DESCRIPCIÓN A EFECTOS REGISTRALES: Parcela N°30-A de la Unidad de Ejecución I del Plan parcial Quirós, TERMINO MUNICIPAL DE Vigo. Tiene una superficie de DOS MIL DOSCIENTOS OCHO METROS CUADRADOS, (2.208,00m2). La parcela se destina a equipamiento deportivo. Esta situada sobre la parcela n° 30-B (de nueva creación) destinada a garaje-aparcamiento y Linda: Norte, con Parcela n°3 de la Unidad de Ejecución; Este, con Parcelas n°4 y 32-1 de la Unidad de ejecución, destinada esta última a áreas de juego y rampa de acceso peatonal desde VIAL C (actualmente C/Dona Cristina); Sur: con vial E (hoy día C/Dona Cristina); Oeste, con Parcelas n°31 y 32-2 de la Unidad de Ejecución, destinadas a zona verde y áreas de juego.

DESCRIPCIÓN URBANÍSTICA: Los parámetros urbanísticos de la parcela, que incluyen las condiciones de uso y alturas máximas edificables y ocupación en planta para la Parcela n°30-A, son los siguientes: Parcela 30-A: se destina a uso de equipamiento deportivo, previéndose la construcción de

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



instalaciones deportivas descubiertas. Bajo el subsuelo de esta parcela se encuentra la parcela 30-B de nueva creación por sentencia del TSXG.

AFECCIÓN URBANÍSTICA: La finca se halla libre de cargas.

PARCELA N°30-B

ADJUDICATARIO: Se adjudica esta Parcela N°30-B a la JUNTA DE COMPENSACIÓN DEL PLAN PARCIAL DE QUIRÓS, según la sentencia del TSXG 00049/2021 del TSXG de fecha 29 de enero del 2021. Destinada a uso aparcamiento subterráneo, actualmente en construcción, con licencia n° de Expediente 49902/421 de fecha 27 /04/2004.

DESCRIPCIÓN A EFECTOS REGISTRALES: Parcela N°30-B de la Unidad de Ejecución I del Plan parcial Quirós, TERMINO MUNICIPAL DE Vigo. Tiene una superficie de DOS MIL DOSCIENTOS OCHO METROS CUADRADOS, (2.208,00m²). La parcela se destina a garaje aparcamiento subterráneo. Está situada bajo la parcela N°30-A (de nueva creación). Linda: Norte, con Parcela n°3 de la Unidad de ejecución; Este, con Parcelas n°4 y 32-1 de la Unidad de ejecución, destinada esta última a áreas de juego y con rampa común por la que se accede a esta parcela y a la Parcela n°3 desde VIAL C (actualmente C/Dona Cristina); Sur: con vial E (hoy día C/Dona Cristina); Oeste, con Parcelas n°31 y 32-2 de la Unidad de Ejecución, destinadas a zona verde y áreas de juego.

DESCRIPCIÓN URBANÍSTICA: Los parámetros urbanísticos de la parcela, que incluyen las condiciones de uso y alturas máximas edificables y ocupación en planta para la Parcela N°30-B, son los siguientes: Parcela 30-B: se destina a uso de garaje-aparcamiento, actualmente en construcción, con una capacidad de 283 plazas a desarrollar en 3 plantas, según licencia de Obras n°49902/421 y licencia de Actividades e instalaciones n° 28.463/422

AFECCIÓN URBANÍSTICA: La finca se halla libre de cargas.

VALOR DE LA CONSTRUCCIÓN REALIZADA A DÍA DE HOY: Según última certificación de obra, el garaje-aparcamiento está construido en un 90%, ascendiendo el valor de la construcción ejecutada a la cantidad de UN MILLON CUATROCIENTOS NOVENTA Y DOS MIL SETECIENTOS OCHENTA Y SEIS CON VEINTICINCO EUROS (1.492.786,25€) ”

III.- Formulación e tramitación dos instrumentos de equidistribución e das súas modificacións

De conformidade co disposto nos artigos 106 e 125.3 da Lei do solo de Galicia, e trala aprobación inicial da presente Modificación na parcela núm. 30 do Proxecto de Compensación do PP Quiros, acordada pola súa Xunta de compensación, na asemblea celebrada con data do 30.11.2021 do xeito e co resultado que se indicou nos antecedentes de feito, procedeuse por esta administración á apertura dun trámite de información pública polo prazo de un (1) mes,- (en cumprimento do Resolto con data do 11.11.2022) do xeito e co resultado se indicou no relato de feitos. Unha vez rematado o sinalado período, e emitidos os informes pertinentes, será competente para a aprobación definitiva de dito proxecto de compensación, o Consello da Xerencia municipal de urbanismo, de conformidade co disposto no Art. 8) dos seus estatutos.

IV.- Do cumprimento e execución das Sentenzas firmes

O artigo 118 da CE prescribe o deber de cumprimento das sentenzas, ao ser o dereito a tutela xudicial efectiva e a execución das mesma, un dereito fundamental- artigo 24 do texto constitucional.

A lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (LOPX) observa un dos parámetros básicos que deben rexer a execución das sentenzas, a execución nos seus propios termos (artigo 18.2 LOPJ).

Pola súa banda, e no que respecta a execución de sentenzas na orde contenciosa- administrativa, resulta de aplicación o disposto nos artigos 104 a 113, do Título IV, Capítulo IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



V.- Competencia

A competencia para acordar a aprobación definitiva da Modificación do Proxecto de compensación, reside no Consello da XMU, de conformidade co disposto no artigo 8 a) dos seus Estatutos, artigo 21.1. j) LBRL e consonte a Resolución de delegación de competencias do Alcalde-Presidente do 11.07.2019

Por canto antecede, PROPONSE ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Consello de Vigo, a adopción do seguinte...”

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: 2 votos: 1 do Grupo Mixto: Sr. Pérez Correa e 1 do concelleiro non adscrito Sr. Pérez Igrexas.

A FAVOR: 8 votos: 1 do PP: Sra. Bartolomé Tocino e 7 do PSOE: Sres. Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Mejías Sacaluga, Caride Estévez, Losada Álvarez, Fernández Pérez e López Font.

Acordo:

O Consello, considerando a ponderación do cómputo de votos sinalado na sesión constitutiva de data 11 de xullo de 2019, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación definitiva á documentación técnica do “Proxecto de Modificación Puntual do Proxecto de compensación do Plan parcial de Quiros- Parcela 30”, inserida no rexistro electrónico da Xerencia municipal de urbanismo con data do 14.12.2021 e con data do 12.05.2022 (visada polo COAG con data do 12.05.2022) co fin de levar a puro e debido efecto o fallo da Sentenza 00049/2021 do TSXG do 29.01.2021, da que trae causa, e que anula e substitúe á correlativa contemplada no proxecto de compensación aprobado definitivamente polo Consello desta XMU con data do 06.03.2003, cedida ao Concello de Vigo para equipamento público, creando unha nova parcela no subsolo- aproveitamento baixo rasante- na mesma, e adjudicando a súa titularidade á Xunta de compensación, para uso de aparcadoiro de Vehículos.

Segundo.- Dispoñer que se proceda á publicación do presente acordo, mediante anuncio que se inserirá no Diario Oficial de Galicia, no Boletín oficial da provincia, e na sede electrónica municipal.

Terceiro.- Proceder a notificar o aquí disposto, ao Rexistro da propiedade núm. 1 dos de Vigo, aos efectos da inscrición da presente modificación, na parcela resultante núm.30, inscrita en dito Rexistro, ao Tomo 1281, Folio 88, Finca 76858, inscrición 1ª.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo a Sección Segunda da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Quinto.- Notificar o contido íntegro deste acordo a todos os propietarios do ámbito; e proceder a comunicación ao departamento de Patrimonio municipal.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da Sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tr/

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



Vº e Pº

A vicepresidenta da XMU
María José Caride Estévez